

## MÚSICA.

### Músico de salón

#### Piano solo

**Autor:** Abe Rábade.

**Edita:** Karonte.

www.aberabade.com

Definitivamente consagrado no seu estilo, Abe Rábade pode presumir dunha sólida formación musical, que inclúe especialización nos Estados Unidos e mesmo un premio,

de seu tan prestixioso, como o que leva o nome do seu colega Tete Montolú. Como creador, o compositor e pianista compostelán decántase por unha sorte de jazz europeo, que se por algo se distingue é pola proximidade á estética clásica, patente xa no tema co que se inicia este seu novo disco, caracterizado por unhas notas espaciadas e un desenvolvemento melódico, así como por unha sonoridade engaiolante, que converte ao seu mentor nunha sorte de músico de cámara.

Algún profesional cualificado do mesmo xénero asume que actualmente o jazz escora na estrutura cara á música contemporánea, e tal característica preside os primeiros acordes >>>



Abe Rábade.

JOSÉ ANTONIO AGUILAR

>>> do tema "Liberación", desenvolvidos en forma de especulación sonora que mantén acesa a dose de misterio ata achegarnos a un discurso introspectivo que reincide no xa descuberto: estamos ante unha obra propia de músico de salón, mais non ornamental senón vital no seu pulo creativo. E malia tan rica linguaxe, os temas deste *Piano solo* sucédense segundo novos títulos que os identifican, mantendo aceso, en conxunto, o espírito que caracteriza a gravación. Ao longo dela, Abe Rábade alterna a súa dupla condición de instrumentista melódico-rítmico, e mesmo se mostra detallista nunha composición como a titulada "Azar". E por se alguén dubidara de que estamos ante un músico de jazz, o pianista exhibe unha técnica instrumental solta, afastada da rixidez do pentagrama, e mesmo se o oínte ten a ben reparar na simbiose patente entre piano e pianista, poderá percibir concisas onomatopeas vocais que se deixan

translucir no curso do rexistro.

E como complemento—mesmo contrapunto—a tan intenso deleite, xorde a pregunta do millón: pode un só músico expandir toda a súa patente creatividade a medio dun só instrumento?

**Estamos ante unha obra propia de músico de salón, mais non ornamental senón vital no seu pulo creativo"**

A resposta virá dada nos contados temas rítmicos que ganarán cunha base rítmica en forma de baixo e percusión. Máis tampouco é de considerar tal eiva—?—como unha carencia, xa que Abe Rábade é quen de multiplicarse cando o consabido *swing* preside breves pasaxes coma as tituladas "Boogie Bogui" ou "Tristano Complex".

Porque outra característica do disco é o coitado nos títulos dos once temas, así como as dedicatorias; por exemplo, "aos que transcenden o que para eles está escrito" (*Liberación*), ou "a todos os que navegamos polos mares da contradición" (*Folerpas de Vapor*). Licencias propias do compositor e intérprete, xa que todos os temas son da súa propia autoría.●

X.M. Estévez